PSG DE PSOE POIO



## Gregorio Agis impulsa coa Zona Franca unha solución definitiva para o polígono de Fragamoreira

# O POIO QUE FUNCIONA

**Isto é o que Gregorio e o seu equipo fixeron para que poio funcione.**

## CONSEGUIMOS RESOLVER DEMANDAS HISTÓRICAS

### PALACETE DE BESADA

**INVESTIMENTO de 529.184 euros financiado integramente con fondos do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.**

**O PALACETE DE BESADA XA É UNHA REALIDADE. POIO CONTA CUN ESPAZO SINGULAR NUN ENTORNO INCOMPARABLE**




Gregorio Agís conseguiu que o Palacete de Besada fose reformado, recuperado e democratizado para toda a nosa veciñanza. Un lugar que no seu día acolleu a grandes persoeiros e que agora, co traslado de Servizos Sociais e do CIM , convírtese nun espazo de encontro para mocidade, persoas maiores e mulleres nun emprazamento dos máis emblemáticos de toda a provincia.




Unha obra financiada a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, cun importe de 530.000€, grazas a unha administración provincial que garante fondos en igualdade de condicións para todos os concellos.



### DEPURADORA PARA RAXÓ E SAMIEIRA

**DEPURACIÓN PARA RAXÓ E SAMIEIRA COA NOVA EDAR.**

Un acordo histórico entre o Goberno de España, o Concello de Poio e o Concello de Sanxenxo permitiu a depuración integral do lado norte da Ría, despois de que a Xunta de Galicia fora incapaz de asumir as súas competencias e executar unha infraestrutura tan necesaria para a veciñanza de Poio. Temos moi presentes as mentiras e manipulacións do señor Moldes, candidato do PP, que insistía na ubicación da EDAR en Samieira, mentras responsabilizaba ao Concello dunha situación que debía resolver a Xunta. Fomos quen de acordar co alcalde de Sanxenxo unha actuación beneficiosa para ambos concellos e, sobre todo, para a calidade das augas da Ría. Agora agardamos que a Xunta sexa quen de afrontar a mellora da depuradora de Praceres. Unha vez se demostra que cando se quere resolver un problema, se aborda con decisión e sen escusas. Buscando consensos, resolvemos un problema ante a incapacidade do PP de facer nada. Quedou patente quen somos os que defendemos os intereses de Poio e da cidadanía e os que tentan enganar aos veciños e veciñas.






# A COLABORACIÓN INSTITUCIONAL FUNCIONA

## CESIÓN DA ILLA DE TAMBO

Xestionar a Illa de Tambo sempre foi unha aspiración dos colectivos compartida polo PSOE de Poio, pola oportunidade que representa para o desenvolvemento do noso municipio no eido turístico, ambiental e patrimonial.



O martes 1 de marzo de 2022 quedará gravado con letras de ouro na Historia do noso municipio. Nesta data fíxose realidade un fito sen precedentes para Poio, a Illa de Tambo pasou a estar xestionada directamente polo Concello de Poio, grazas á cesión demanial asinada co Ministerio de Defensa. Un feito que foi posible grazas ao labor e ás negociacións que levou a cabo o noso compañeiro Gregorio Agís desde a Concellería de Promoción Económica e Urbanismo.











## POLÍGONO DE FRAGAMOREIRA



O Concello de Poio necesita novo chan industrial para atraer investimentos e xerar emprego, riqueza e benestar. Por iso é fundamental o acordo ao que chegamos os socialistas co Consorcio Zona Franca de Vigo para desbloquear e impulsar definitivamente o polígono de Fragamoreira.

Ante a pasividade e a falta de interese por parte da Xunta de Galicia e despois de 15 anos de bloqueos e impedimentos por parte de Xestur coa complicidade de Ángel Moldes, agora fomos capaces de dar un impulso definitivo ao polígono industrial para desenvolver a través desta actuación máis de 230.000 m2 para actividade empresarial, dentro dunha área de 400.000 m2, que estará dotada con zonas verdes e equipamentos de todo tipo.

Dende a administración municipal, o grupo socialista coa implicación do estado a través de Zona Franca, como se fixo noutros concellos da provincia, impulsaremos a urbanización e desenvolvemento do polígono ao igual que xa logramos con outros proxectos claves para o futuro de Poio, como a depuradora. Os socialistas demostramos con feitos o noso compromiso co concello poñendo sobre a mesa solucións e iniciativas transformadoras para o noso municipio.



10 POIO.COMARCA

Agís, en el centro, con el edil Julio Casás explicando a David Regades detalles de su propuesta. D. FREIRE

### Zona Franca y Poio proponen una solución exprés para Fragamoreira

Regades ofrece los medios del Consorcio para realizar un estudio técnico del proyecto

Á. P.

POIO. El Concello de Poio y la Zona Franca apostarían, de ser posible, por un desarrollo inmediato del Polígono Industrial de Fragamoreira, en Poio, con cualquier fórmula de financiación viable. En el término 'cualquier' entraría la fórmula del pago de los costes entre el Concello y Zona Franca, o la financiación entre las dos administraciones y la Xunta de Galicia, o bien el pago entre las dos administraciones y otros organismos dependientes del Estado.

La idea la pusieron ayer sobre la mesa en Poio el responsable de Zona Franca en Vigo, David todos sus polígonos al 100% tal y como indicó Regades, y, frente a esto, destaca la existencia de un proyecto de parque empresarial que acumula más de 16 años paralizado por la Xunta, que fue la que inició la tramitación.

**Transferencia**

De este modo, el Gobierno local de Poio llevará al Pleno una moción con la que se instará al Concello a reclamar la transferencia del proyecto del polígono y los terrenos a la entidad municipal.

Gregorio Agís defiende que la medida será viable y agilizaría industrial en un proceso iniciado en 2007 y fue entonces cuando lo puso a disposición de la Xunta. Xestur planificó el desarrollo de de 386.000 metros cuadrados y compró de mutuo acuerdo con los vecinos 75.000 metros de terreno de los que ya dispone. Los otros vecinos se quedaron con un terreno recalificado como urbano, por el que tienen que pagar más IBI, pero el polígono no avanzó desde entonces.

«Nuestros servicios están a disposición de las empresas y el empleo, por eso vamos a estudiar las peticiones de Poio y vamos a hacer un estudio técnico, porque vemos una oportunidad, en una zona con buenas comunicaciones y donde hay demanda de suelo empresarial», explicó Regades, que dejó claro que se ha promovido un cambio de filosofía y que la intención del ente es la de favorecer y buscar espacios estratégicos más allá del Sur de la provincia. Así, el Consorcio llega ya a once municipios de Pontevedra con sus parques y los proyectos en marcha, de modo que a los parques de Vigo, Porriño, Nigrán, Salvaterra, As Neves y la instalación en Baiona, se suman los proyectos de Cuntis, a Cañiza, A Guarda, O Rosal y Condomar.

A su vez, el edil de Urbanismo,



PONTEVEDRA

La Voz de Galicia

### Domínguez dice que el polígono de Poio «será una realidad»

LA VOZ

POIO/LA VOZ.

04 jul 2010 . Actualizado a las 02:00 h.

El portavoz del PP de Poio, Javier Domínguez, afirmó que en esta legislatura autonómica el polígono empresarial de Fragamoreira y la depuradora para dar servicio a Raxó «serán una realidad».

VOTA GREGORIO

## CAPTACIÓN DE FONDOS EUROPEOS

**Os fondos europeos son unha oportunidade para a transformación e mellora do noso municipio. Os concellos que somos capaces de conquerir estes fondos obtemos unha ventaxa competitiva adiantando o futuro e permitindo a transformación do territorio. Poio está á vangarda na xestión de fondos europeos, dende a Concellaría de Promoción Económica conseguimos máis de 20 millóns de euros nos últimos 4 anos. Somos o concello de Galicia con máis fondos europeos conseguidos per cápita.**

### XIMNASIO REMATADO

Mellora da envolvente térmica do Ximnasio municipal de A Seca e accesibilidade que transformou a imaxe de esta instalación por un importe de 109.415 €.





### Pavillón polideportivo de A Seca
**REMATADO**

215.737€ de financiación para a mellora da cuberta e substitución das luminarias.






### Casa do Concello
**REMATADO**

Mellora da cuberta existente e substitución da iluminación interior para a mellora da eficiencia enerxética por un importe de 215.737,00 €.



### Estrada de Campelo
**REMATADO**

Co goberno provincial da socialista Carmela Silva foi posible a reforma integral da estrada Portosanto - Campelo por un importe de 2.012.119€. Este proxecto da Deputación de Pontevedra mereceu fondos europeos por valor de 1.500.000€ que permitiron reembolsar o 30 por cento de aportación municipal. Unha completa transformación que mudou unha estrada perigosa para peóns e vehículos.



### Substitución de 2650 luminarias eficientes de baixo consumo
**EN EXECUCIÓN**

Renovación de 2.695 puntos de luz para pasar a dispoñer de luminarias LED, o que fará descender o consumo enerxético de xeito notable. Esta actuación servirá para completar a renovación de máis do 60% do sistema de alumeado municipal.



# ACTUACIÓNS PARA MELLORAR A CONTORNA

## Mellora integral do núcleo do Xuviño

**EN EXECUCIÓN**

Humanización, mellora de servizos e rehabilitación integral do núcleo do Xuviño para a posta en valor do seu carácter tradicional por un importe de 313.000 €.




## MELLORA E AMPLIACIÓN DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE ARÉN

**EN TRAMITACIÓN**

Mellora integral e ampliación da antiga escola unitaria de Arén para destinar a local municipal e poñer este equipamento a disposición da veciñanza para desenvolver actividades, con fondos conseguidos cun importe de 158.480€.




## Mellora integral do frente costeiro de Raxó en Ramón Encinas.

**EN EXECUCIÓN**

Transformación total do paseo marítimo de Raxó, cun modelo de plataforma única de prioridade peonil e substitución de todos os servizos, por 822.415,99 €








## MELLORA
### INTEGRAL DA FRONTE COSTEIRA NA ZONA PORTUARIA DE RAXÓ

Os socialistas conseguimos impulsar a completa transformación da fronte costeira de Raxó que se atopa moi deteriorada. Agora está xa en execución a obra do tramo de Ramón Encinas con fondos europeos. Conseguimos desbloquear tamén con Portos de Galicia a mellora da zona portuaria de Raxó, comprometida dende 2009 nun convenio que inclúe a mellora de Covelo polo que seguiremos traballando. Despois de que a Xunta retrasara este proxecto durante 14 anos, en breve se iniciará a execución dun proxecto que transformará totalmente un espazo de grande importancia para Raxó.



## MELLORA
### DA ACCESIBILIDADE PEONIL, ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO, MELLORA DOS ACCESOS E ESTACIONAMENTO EN ANAFÁNS



## MELLORA
### E INTEGRACIÓN AMBIENTAL DO ENTORNO DA ESCOLA DE TARRÍO NA RUTA DOS MUÍÑOS DE SAMIEIRA



## SENDAS LITORAIS








# NOVOS EQUIPAMENTOS PARA QUE POIO FUNCIONE

## POIO CREA+: ESPAZO DE EMPRENDEMENTO PARA FACILITAR O INICIO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL EN A REIBOA







## MELLORA DOS ENTORNOS RESIDENCIAIS E TRADICIONAIS

**PLAN CONCELLOS DIPUTACIÓN** Lameiriña, Canelińas, Seara, Casal, Adro - Porteliña, Portosanto, A Puntada, Saíñas, Arén, Liñares.



## LOCAIS DO PORTO DEPORTIVO DE COMBARRO

Conseguimos para Combarro dous novos espazos, un de 97 m2 que destinaremos a Centro de Información Turística e outro de 159.48 m2 que será un espazo para a participación, unha sala a disposición da cidadanía deseñada e equipada para satisfacer as necesidades do dinamismo socio cultural de Combarro: eventos, exposicións, presentacións, proxeccións, conferencias... terán o seu lugar de referencia nunhas dependencias céntricas con xestión municipal e que pasará a integrarse na Rede de Espazos Cidadáns do Concello de Poio.

## CESIÓN DA CASA DO ATENEO PARA ESPAZO ESPOSITIVO E DE INTERPRETACION DE COMBARRO

**A Deputación de Pontevedra cede a casa do Ateneo ao Concello de Poio a rehabilita e a acondiciona como espazo de interpretación de Combarro**



## ESTRADA PROVINCIAL CAMPELO - SEARA

A segunda fase do proxecto de mellora da mobilidade na estrada provincial de Campelo, en Poio, la EP-0601 Portosanto-Campelo, conlevará una inversión de tres millóns de euros e posibilitará que se complete a súa transformación e adaptación ao modelo sostenible e seguro da Deputación de Pontevedra. O deputado Gregorio Agís, remarcou que é «unha actuación ambiciosa e integral de mellora da seguridade e de todos os servizos».

**FASE II ESTRADA PROVINCIAL CAMPELO - SEARA**



**ACTUACIÓN EN NÚCLEOS TRADICIONAIS**







O QUE FUNCIONA PARA OS NÚCLEOS TRADICIONAIS



# O POIO QUE FUNCIONA

PSG DE PSOE
POIO

oquefunciona.gal

info@oquefunciona.gal

FUNCIONA